



| Guía Docente          |  |                    |                             |           |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------------------|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                             | 2020/21   |
| Asignatura (*)        | Idioma Moderno: Portugués  |                    | Código                      | 613G03051 |
| Titulación            | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios  |                    |                             |           |
| Descritores           |  |                    |                             |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                        | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Segundo            | Obrigatoria                 | 6         |
| Idioma                | Portugués  |                    |                             |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                             |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |                             |           |
| Departamento          | Letras   |                    |                             |           |
| Coordinación          | Lourenzo Modia, Cilla  | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es |           |
| Profesorado           | Lourenzo Modia, Cilla  | Correo electrónico | cilla.lourenzo.modia@udc.es |           |
| Web                   |  |                    |                             |           |
| Descrición xeral      | <p>Esta materia fornece formación básica de carácter teórico-práctico na descrición e uso instrumental da lingua portuguesa nas súas modalidades oral e escrita.</p> <p>O alumnado debe adquirir todas as competencias do nivel A2 (usuario básico, grao elevado do nivel elemental), dentro dos seis niveis que se distinguen no "Marco común europeo de referencia para as linguas".</p>   |                    |                             |           |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizaron modificacións nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas: lecturas, obradoiro, prácticas a través de TIC, proba obxectiva, presentación oral, sesión maxistral e traballos tutelados.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías docentes e o seu peso na avaliación; porén, en varias delas múdase o modo de realización.</p> <p>Así, a sesión maxistral e o obradoiro (correspondente ás aulas en grupo grande, intermedio e pequeno) daranse a través de Teams.</p> <p>A proba obxectiva realizarase de maneira asíncrona a través de Moodle e a presentación oral consistirá nun vídeo breve en que o alumnado desenvolverá oralmente un tema prefixado e que enviará a través de e-mail.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>As titorías levaranse a cabo por Teams previa cita (que se concertará por e-mail como mínimo con un día de antelación).</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>A proba obxectiva levarase a cabo de maneira asíncrona a través de Moodle no día e na hora marcadas no calendario académico para a súa realización.</p> <p>O traballo tutelado entregarase por Moodle.</p> <p>A proba oral consistirá nun vídeo breve en que se desenvolverá oralmente un tema prefixado e que se entregará por Moodle.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Para aprobar a materia, a cualificación mínimada proba obxectiva deberá ser de 5 puntos sobre 10.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha</p> |                    |                             |           |



## Competencias do título

| Código | Competencias do título   |
|--------|--|
| A8     | Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.  |
| A10    | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.  |
| A15    | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.   |
| B1     | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |
| B3     | Adquirir capacidade de autoformación.  |
| B4     | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.   |
| B5     | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |
| B6     | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |
| B7     | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |
| B8     | Apreciar a diversidade.  |
| C2     | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C4     | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título |    |
|--|------------------------|----|
| Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.  | A8                     |    |
| Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.  | A10                    |    |
| Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.   | A15                    |    |
| Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |                        | B1 |
| Adquirir capacidade de autoformación.  |                        | B3 |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.   |                        | B4 |
| Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |                        | B5 |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |                        | B6 |
| Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |                        | B7 |
| Apreciar a diversidade.  |                        | B8 |
| Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |                        | C2 |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |                        | C4 |

## Contidos

| Temas  | Subtemas  |
|--|---|
| 1. Apresentar(-se) e despedir-se. Cumprimentar e dar informacións de carácter persoal.   | 1.1. Alfabeto e ortografía: relación grafema-fone. Artigos. Pronomes persoais sujeito. Pronomes interrogativos.<br>1.2. Información persoal (morada, estado civil, profesión, nacionalidade). Formas de tratamento.             |
| 2. Localizar. Descrever lugares. Pedir e dar informacións sobre lugares. Seguir un mapa. Fazer reservas.                                       | 2.1. Presente do Indicativo dos verbos regulares (I). Género. Número. Preposicións e contrações. Demonstrativos.<br>2.2. Casa. Cidade. Universidade. Hotel.   |
| 3. Perguntar e dizer as horas. Pedir no café, no restaurante e noutras lojas. Falar de accións que decorren no momento. Expressar preferéncia. | 3.1. Presente do Indicativo dos verbos regulares (II). Verbos reflexos. Construcións perifrásticaS (I). Acentuación.<br>3.2. Accións cotidianas. Horas. Partes do día. Días da semana. Refeições. Comidas e bebidas. Cardinais. |
| 4. Convidar, aceptar e recusar. Falar do tempo libre. Concordar e discordar. Pedir desculpas. Escrever cartas. Falar ao teléfono.              | 4.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares (I). Pronomes persoais átonos de CI. Construcións perifrásticas (II).<br>4.2. Lazer. Transporte. Pasatempos. Desportos.  |



|  |  |
|--|--|
| 5. Fazer planos para as férias. Sugerir. Falar sobre o tempo.  | 5.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares (II). Comparativos e superlativos. Possessivos. Conjunções.<br>5.1. Meses, estações e épocas festivas. Tempo climatérico. Cores. Vestuário. Ordinais. |
| 6. Fazer compras. Falar da saúde. Aconselhar e dar instruções. Descrever pessoas física e psicologicamente.                          | 6.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares (III). Imperativo. Construções perifrásticas (III).<br>6.2. Lojas. Corpo humano. Sintomas. Família.   |
| 7. Comparar países e hábitos. Defender pontos de vista. Narrar acontecimentos passados.  | 7.1. Pretérito Perfeito Simples (I), Pretérito Imperfeito e Pretérito Mais-Que-Perfeito Simples do Indicativo. Indefinidos.<br>7.2. Festas e tradições.  |
| 8. Apresentar características profissionais. Elaborar um Curriculum Vitae. Enfrentar uma entrevista. Fazer e responder a inquéritos. | 8.1. Pretérito Perfeito Simples (II). Pronomes pessoais átonos de CD. Construções perifrásticas (IV).<br>8.2. Perfil profissional. Experiências de vida.   |
| 9. Relatar fatos futuros. Planificar festas. Redigir convites.   | 9.1. Futuro do Indicativo. Locuções adverbiais de tempo, lugar e modo. Pronomes relativos.<br>9.2. Falsos amigos. Fórmulas de cortesia.  |

| Planificación             |                                    |                   |   |              |
|---------------------------|------------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas     | Competencias                       | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Discusión dirixida        | A8 A15 B4 B7 B8 C2<br>C4           | 14                | 14  | 28           |
| Lecturas                  | A8 A10 A15 B1 B3 B5<br>B7 B8 C2 C4 | 0                 | 11  | 11           |
| Obradoiro                 | A8 A10 A15 B3 B4 B6<br>B7 C2       | 14                | 20  | 34           |
| Prácticas a través de TIC | A8 B1 B3                           | 0                 | 10  | 10           |
| Proba obxectiva           | A8 A10 A15 B1 B5 B6<br>B7 C2       | 3                 | 0   | 3            |
| Presentación oral         | A8 A15 B3 B4 C2 C4                 | 1                 | 0   | 1            |
| Resumo                    | A8 A15 B3 B7 C2                    | 0                 | 15  | 15           |
| Sesión maxistral          | A8 A15 B1 B4 B5 B6<br>B7 B8 C2 C4  | 10                | 15  | 25           |
| Traballos tutelados       | A8 A10 A15 B1 B3 B5<br>B6 B7 C2    | 0                 | 20  | 20           |
| Atención personalizada    |                                    | 3                 | 0   | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías       |   |
|--------------------|---|
| Metodoloxías       | Descrición  |
| Discusión dirixida | Entendemos por ?discusión dirixida? aquela actividade desenvolvida polo alumnado en grupos pequenos en que se porá en práctica a expresión e a comprensión orais en lingua portuguesa. Debateranse diversos temas baixo a supervisión do/da docente.<br>Nestas sesións prestarase unha especial atención á participación activa do estudantado. |
| Lecturas           | Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que o/a alumno/a terá que coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial.  |
| Obradoiro          | Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de comprensión lectora e de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).   |



|                           |   |
|---------------------------|---|
| Prácticas a través de TIC | O/a alumno/a deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas.  |
| Proba obxectiva           | A proba escrita permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e a produción escritas.<br>Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación?  |
| Presentación oral         | Neste tipo de proba avalíase a competencia comunicativa do/da estudante mediante unha pequena entrevista ou conversa co/coa profesor/a, en que tal vez deba improvisar determinadas situacións.<br>Na proba oral poderán empregarse textos, deseños ou materiais audiovisuais como apoio.   |
| Resumo                    | Realizaranse con frecuencia sínteses dos principais contidos fixados no programa, a fin de facilitar a súa comprensión.   |
| Sesión maxistral          | As sesións maxistrais consistirán en exposicións orais de carácter fundamentalmente teórico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica.<br>Nestas sesións guíase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo. |
| Traballos tutelados       | Baixo a coordinación do/da docente, os/as alumnos/as levarán a cabo diversas actividades (corrección e/ou elaboración de textos), ben de maneira individual ben organizados en pequenos grupos, a fin de partillaren información, coñecementos e habilidades.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición   |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades, co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada.<br>Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto do desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento quer por medio do correo electrónico. |

### Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias                 | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|------------------------------|--|---------------|
| Obradoiro           | A8 A10 A15 B3 B4 B6 B7 C2    | Serán avaliados un conxunto seleccionado dos traballos (orais ou escritos) desenvolvidos nas aulas de maneira individual ou colectiva  | 10            |
| Proba obxectiva     | A8 A10 A15 B1 B5 B6 B7 C2    | Ao final do cuadrimestre o estudantado deberá realizar unha proba obxectiva de comprensión oral e escrita e de produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves), en que se avaliarán os coñecementos adquiridos tanto nas sesións maxistrais como nos grupos intermedios e pequenos. | 50            |
| Presentación oral   | A8 A15 B3 B4 C2 C4           | Os/as alumnos/as terán que realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa.  | 20            |
| Traballos tutelados | A8 A10 A15 B1 B3 B5 B6 B7 C2 | Os traballos individuais e grupais (tanto presenciais como non presenciais) encomendados polo profesorado ao longo do curso suporán un 20% da nota final. Valorarase especialmente a aprendizaxe colaborativa.   | 20            |

### Observacións avaliación



Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.

Para superar a materia, a cualificación mínima da proba obxectiva deberá ser de 4 puntos sobre 10.

O

estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

O alumnado que se presente á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba obxectiva (50 %), presentación oral (20%) e traballos tutelados (30 %).

Se

houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As

persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non comparecer ás probas escritas ou que non entregar ningunha das actividades.

O alumnado que se presente á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba obxectiva (50 %), presentación oral (20%) e traballos tutelados (30 %).

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Costal, J. A. / Melo, A. S. (2003). Dicionário da Língua Portuguesa. Porto. Porto Editora
- Casteleiro, J. M. (coord.) (2001). Dicionário da Língua Portuguesa. Lisboa. Ed. Verbo
- Dias, H. B. M. (1994). Exercícios e notas gramaticais. Curso básico de português-língua estrangeira. Lisboa. Edições Colibri
- Monteiro, D. / Pessoa, B. (1993). Guia prático dos verbos portugueses. Lisboa. Lidel
- Cintra, L. / Cunha, C. (1984). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa. Sá da Costa
- Reis, N. / Berström, M. (1997). Prontuário Ortográfico e Guia da Língua Portuguesa. Lisboa. Ed. Notícias
- VVAA (2009). SOS Português! Língua não materna A1/B1. Porto. Porto Editora



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Oliveira, C. (2006). Aprender Português 1. A1-A2 . Lisboa: Texto Editores</li><li>- Lemos, H. (2001). Comunicar em português . Lisboa. Lidel</li><li>- Dias, A. C. (2009). Entre nós 1. Método de português para hispano-falantes. A1/A2. Lisboa. Lidel</li><li>- Dias, H. B. M. (1994). Exercícios e notas gramaticais. Curso básico de português-língua estrangeira. Lisboa. Edições Colibri</li><li>- Coimbra, O. M. / Coimbra, I. (2002). Gramática Activa 1. Lisboa. Lidel</li><li>- Avelar, A., et alii (1993). Lusofonia. Curso básico de português língua estrangeira. Lisboa. Lidel</li><li>- Direção-Geral de Inovação e de Desenvolvimento Curricular e (2001). Navegar em português 1 . Lisboa: Lidel</li><li>- Coimbra, O. M. / Coimbra, I. (2009). Novo português sem fronteiras 1. Lisboa. Lidel</li><li>- Ramos, E. (2006). Portugalizar. Português para galegofalantes . Vigo. Xerais</li><li>- Pinheiro, M. C. (2007). Português ao vivo. Textos e exercícios. Nível 1 . Lisboa: Lidel</li><li>- Silva, M. L. M. (1984). Português língua viva . Lisboa. Editorial Teorema</li><li>- Pinto, L. P. (2002). Português lúdico . Lisboa. Lidel</li><li>- Tavares, A. (2004). Português XXI- 1 . Lisboa. Lidel</li><li>- Lemos, H. (2004). Praticar português. Nível elementar . Lisboa. Lidel</li><li>- Rosa, L. M. (2004). Vamos lá começar! . Lisboa. Lidel</li></ul> <p>RECURSOS WEB</p> |
|------------------------------------|---|

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías